



S A U D E

CIG-SAÚDE
Executiva Nacional

DECRETO DE ESTATUTARIZACIÓN DA LEI 17.

Na reunión da Mesa Sectorial celebrada o día 17 de decembro de 2009, o SERGAS aprobou o decreto de integración no réxime estatutario das/os funcionarias/os da Lei 17/1989. A CIG-SAÚDE non apoia o devandito Decreto dado que a Administración non recolleu ningunha das alegacións que presentamos.

A CIG-SAÚDE amosamos a nosa desconformidade con este Decreto por ser discriminatorio e lesivo para o persoal, fronte ao resto dos Decretos de integración negociados con anterioridade na M.S

Estas son as alegacións que presentamos e que foron rexeitadas pola Administración:

- + Que no ámbito de aplicación se incluíse ao persoal funcionaria/o de carreira que presta servizo na Consellaría de Sanidade e no SERGAS.
- + Que coa resolución da integración se lles expedira o nomeamento estatutario no que se detallara a categoría, destino e ámbito territorial.
- + Que o nivel do complemento de destino sexa igual ao do persoal estatutario. Os niveis mínimos serán:
Grupo A₁ = Nivel 24
Grupo A₂ = Nivel 22.
- + Carreira profesional: non se recolle en que data serán efectivos os efectos económicos do recoñecemento dos graos de carreira.
- + A Administración segue a manter a disposición adicional terceira.

O devandito Decreto sairá publicado no DOG nun prazo aproximado de 6 meses, con posterioridade sairá publicada a Orde de integración para que o persoal, voluntariamente, poida acceder ao réxime estatutario.

Compostela, 18 de decembro de 2009.

Miguel F. Caaveiro, 10
15703 Santiago

Tfnos: 981 552826
981 564300
662312958

Fax: 981 571082

Correo-e:

compostela@cig-saude.org

Web:

www.cig-saude.org